



CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

<p>Contido reflectido no artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.</p>	
<p><b>ÁREA DE:</b></p>	<p>PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAS</p>
<p><b>Liña de subvención ou acción:</b></p>	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais.</b></p> <p>Dinamización do comercio e a hostalería</p> <hr/> <p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <p><u>Fomento da cultura, promoción de festas populares, turismo, promoción da cidade e a actividade comercial.</u></p> <p>A Festa da Reconquista da Vila de Vigo foi declarada de interese turístico de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia en resolución do 26 de marzo de 2012, e Festa de Interese Turístico Nacional por resolución de 11 de xullo de 2019, da Secretaría de Estado de Turismo.</p> <p>Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de grande arraigo na cidade, que contribúe ao coñecemento da historia da cidade conmemorativa do levantamento popular contar as tropas francesas en 1809.</p> <p><u>Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local.</u></p> <p>A Festa da Reconquista contribúe a estimular á economía local, fomentando a participación cidadá e dinamizando o consumo. Grazas a súa difusión e á importante repercusión acadada nos últimos anos, incrementouse o número de visitantes na cidade durante as datas de celebracións o que supón un pulo importante para o sector da hostalaría e o comercio.</p> <hr/> <p><b>3. Subvención á Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b></p> <p><u>Fomento da cultura, promoción de festas populares, turismo, promoción da cidade e a actividade comercial.</u></p> <p>Ante a situación de dificultade que está a vivir o sector comercio na cidade de Vigo na actualidade, a consecuencia da guerra en Ucraína e logo das secuelas das restricións sanitarias e limitacións horarias e de mobilidade causadas pola pandemia, a Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, VigoComercio, programa unha serie de campañas de promoción do comercio, xornadas técnicas, concertos musicais e eventos os ao longo do ano para estimular o consumo e dinamizar o pequeno e mediano comercio.</p> <p>O programa se desenvolve en distintos espazos públicos da cidade correspondentes ás áreas comerciais de Teis, Calvario, Náutico, Bouzas, Casco Vello, Zona Centro, Camelias e Pi Margall.</p> <p>A dinamización da actividade comercial como actividade de interese público, habida conta da importante repercusión das mesmas para a cidade en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da Concellería delegada desta Área.</p>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:27	Páxina 1 de 10
76-142	CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD	
<p>Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a></p>		



	<p><u>Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local.</u></p> <p>A dinamización do comercio local en tanto o comercio próximo presenta certas vantaxes fronte a outros formatos comerciais como a reinversión das ganancias na contorna máis próxima ou a xeración de ciclos de distribución máis curtos, o que supón un menor impacto ambiental e, por tanto, un modelo de consumo máis sostible. Así mesmo, a habitabilidade dos barrios relaciónase directamente coa existencia de espazos de encontro na rúa e de servizos onde se poidan satisfacer diferentes necesidades pero tamén coa presenza de locais abertos, de comercio de proximidade, que fagan dos barrios os centros neurálxicos da vida. Uns barrios vivos inciden na maior calidade de vida dunha cidade.</p> <p>O consumo local, de proximidade e de tempada é parte da solución para reactivar a economía desde o consumo e xerar comunidades máis sostibles, que resistan mellor ás crise.</p>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o Fomento da Feira de Abril</b></p> <p><u>Fomento da cultura, promoción de festas populares, turismo, promoción da cidade e a actividade comercial.</u></p> <p>A Feira de Abril en Vigo, plenamente consolidada na actualidade, é unha cita das festas de primavera, considerándose un referente dentro da axenda cultural en Vigo.</p> <p>Vigo é a cidade do Norte de España que organiza a feira máis grande destas características e a máis multitudinaria do Noroeste da península ibérica e que conta coa colaboración da Casa de Andalucía, con grande arraigo na cidade ao constituírse no ano 1980.</p> <p>Durante as primeiras edicións a Feira de Abril non tivo un asentamento fixo, establecéndose en diferentes puntos da cidade: Paseo do Areal, Samil, Bouzas... Sen embargo, durante os últimos catro vense celebrando na contorna da Zona Náutico, acadando gran afluencia de público, o que supuxo un notable incremento das vendas directas no comercio da zona, chegando a triplicarse o número de visitantes durante os días da feira, con respecto as datas anteriores e posteriores.</p> <p><u>Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local.</u></p> <p>A Feira de Abril en Vigo contribúe a estimular á economía local, fomentando a participación cidadá e dinamizando o consumo. Deste xeito, promociónase a contorna de Vigo a través dunha actividade cultural de grande tradición na nosa cidade, dinamizando as rúas da zona; outorgando notoriedade aos establecementos comerciais e hostaleiros nas redes sociais e nos medios de comunicación e achegando un valor engadido á cidade con actividades diferentes ás habituais.</p>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:27	Páxina 2 de 10
76-142	CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

1º.- Obxectivos estratéxicos:	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dinamización do pequeno e mediano comercio nas distintas zonas comerciais e mercados municipais da cidade.</li> </ul>
	<p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da actividades sociais relacionadas coa cultura e o comercio.</li> <li>• Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico.</li> <li>• Actividades de interese público realizadas a través de asociacións e con alta participación de persoas.</li> <li>• Fomento da protección do patrimonio histórico, cultural, artístico...da cidade.</li> <li>• Eventos de interese municipal e de promoción da cidade</li> </ul>
	<p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da participación activa da cidadanía no desenvolvemento de accións que poidan ser consideradas de interese social e económico para a cidade coa conseguinte mellora da calidade de vida e cohesión social do municipio.</li> <li>• Fortalecemento do tecido asociativo que traballa no ámbito comercial, lúdico, sociocultural.</li> <li>• Fomento de acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, social e de espazos de convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.</li> <li>• Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen ou suplan aquelas de competencia municipal.</li> <li>• Promoción da revitalización da cidade e, polo tanto, impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, en particular do sector comercio .</li> </ul>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da participación activa da cidadanía no desenvolvemento de accións que poidan ser consideradas de interese social e económico para a cidade coa conseguinte mellora da calidade de vida e cohesión social do municipio.</li> <li>• Fortalecemento do tecido asociativo que traballa no ámbito comercial, lúdico, sociocultural.</li> <li>• Fomento de acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, social e de espazos de convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.</li> <li>• Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de</li> </ul>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:27	Páxina 3 de 10
76-142	CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

	<p>programas de actividades que complementen ou suplan aquelas de competencia municipal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Promoción da revitalización da cidade e, polo tanto, impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, en particular do sector comercio .</li> </ul>
2º.- Sectores ou colectivos ao que vai dirixido:	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Pequeno e mediano comercio local e mercados</li> </ul>
	<p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Cidadanía en xeral</li> </ul>
	<p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Pequeno e mediano comercio local e cidadanía en xeral</li> </ul>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Pequeno e mediano comercio local e cidadanía en xeral</li> </ul>
3º.- Obxectivos e efectos que se pretenden:	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Conseguir unha maior afluencia da cidadanías ás zonas obxecto de actuación.</li> </ul>
	<p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Promoción e difusión das festas da cidade e das festas de interese turístico nacional.</li> <li>Fomento dunha actividade de interese público en xeral que realiza a sociedade civil e promoción da cultural popular.</li> <li>Eficacia e control da discrecionalidade administrativa e eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.</li> <li>Cumprimento dos requisitos de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.</li> <li>Fomento da convivencia e cohesión entre a veciñanza.</li> <li>Potenciar distintos sectores implicados na actividade festiva.</li> <li>Implicar ás entidades asociativas locais.</li> <li>Fomento do desenvolvemento lúdico como recurso turístico con actividades de especial importancia e singularidade na salvagarda do elementos culturais e identificativos da promoción da cidade e repercusión en medios polo seu impacto no municipio.</li> </ul>





CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

	<p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b></p> <p>A realización dunha serie campañas publicitarias, xornadas técnicas de formación, concertos e actuacións para todos os públicos nos diferentes barrios da cidade permite dinamizar as distintas áreas comerciais e así contribuír a revitalización del comercio de proximidade e incentivación da demanda comercial, fomentando uns barrios vivos e unha cidade máis sostible. Deste xeito téntase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estimular a economía local a través da dinamización do pequeno e mediano comercio.</li> <li>- Fomentar a convivencia e cohesión entre a veciñanza.</li> <li>- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito comercial.</li> <li>- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos de convivencia lúdica de especial atractivo comercial e turístico.</li> </ul>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b></p> <p>A dinamización da actividade comercial como actividade de interese <b>público</b>, habida conta da importante repercusión das mesmas para a cidade en termos de facturación, de emprego, de valor engadido e de imaxe da cidade, constitúe un dos obxectivos prioritarios da Concellería delegada da Área.</p> <p>Se ben a singularidade social e cultural deste evento cumpre co principal obxectivo da execución de accións de ocio destinadas ao público en xeral, e en particular á poboación andaluza residente no exterior, estas permiten visibilizar coa súa posta en escena a confraternización do folclore e tradicións andaluza e galega; conlevando no seu resultado un importante retorno económico de cara aos sectores da hostalería, restauración, turismo e pequeno comercio local.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.</li> <li>• Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.</li> <li>• Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.</li> <li>• Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.</li> <li>• A promoción da revitalización da cidade, mediante o impulso de actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.</li> </ul>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:27	Páxina 5 de 10
76-142	CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

4º.- Ámbito temporal:	<b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b> - Anual		
	<b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b> - Anual		
	<b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b> - Anual		
	<b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b> - Anual		
5º.- Custes previsibles e fontes de financiamento:	<b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b>	Ano 2022 Ano 2023 Ano 2024	50.000 € 50.000 € 50.000 €
	<b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b>	Ano 2022 Ano 2023 Ano 2024	110.000 € 110.000 € 110.000 €
	<b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b>	Ano 2022 Ano 2023 Ano 2024	150.000 € 150.000 € 150.000 €
	<b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b>	Ano 2022 Ano 2023 Ano 2024	30.000 € 30.000 € 30.000 €
6º.- Plan de acción, Liñas básicas das Bases Reguladoras:	<b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b> <u>Obxecto:</u> Plan de axudas á promoción do comercio. <u>Obxectivos:</u> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Programas e/ou accións de promoción e consolidación de iniciativas empresariais.</li> <li>2. Accións que favorezan a atracción de público e posicionamento do sector.</li> </ol> <u>Suxeitos obxectivo:</u> Asociacións de comerciantes e entidades que cumpran: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dispor dun proxecto que contribúa a xeración de actividade económica tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo.</li> <li>2. Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.</li> </ol> <b>Criterios de valoración:</b>		





CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

	<p><b>Cráterios de exclusión:</b>  <b>Puntuación mínima para ser valorada:</b>  <b>Contía máxima subvencionada:</b> 50% do presuposto do s concepto subvencionables.  <b>Prazo para aprobar a convocatoria:</b></p>
	<p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <p>- Mediante tramitación de convenio de colaboración.</p>
	<p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</b></p> <p>- Mediante tramitación de convenio de colaboración.</p>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril</b></p> <p>- Mediante tramitación de convenio de colaboración.</p>
7º.- Réxime de seguimento e control:	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <p>Memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados.                  Memoria económica de custes e ingresos:                  Indicadores, como mínimo os seguintes:</p> <p>Comparativa de ingresos antes e despois da actuación:</p> <p>Número de solicitudes:                  Número de concesións:                  Número de denegacións:                  Crédito concedido:                  Contía media:                  % de financiamento do Concello: 50% máximo de financiamento.</p> <p>Nº de beneficiados pola acción:                  % de beneficiados en relación co obxectivo:</p>
	<p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento do cumprimento das condicións e obrigas establecidas no convenio.</li> <li>• Control da execución, comprobación da consecución dos fins establecidos.</li> <li>• Adecuada xustificación conforme á memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados e memoria económica de custes e ingresos.</li> </ul>
	<p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento do cumprimento das condicións e obrigas establecidas no convenio.</li> <li>• Control da execución, comprobación da consecución dos fins establecidos.</li> </ul>





CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adecuada xustificación conforme á memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados e memoria económica de custes e ingresos.</li> </ul>	
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Seguimento do cumprimento das condicións e obrigas establecidas no convenio.</li> <li>Control da execución, comprobación da consecución dos fins establecidos.</li> <li>Adecuada xustificación conforme á memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados e memoria económica de custes e ingresos.</li> </ul>	
8º.- Modalidade de concesión:	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <p>Nominativa, con convenio Directa, con convenio Directa, sin convenio <b>Concorrenza competitiva</b></p>	<p>S/N. S/N S/N <b>SI</b></p>
	<p><b>2. Subvención á Asociación veciñal Casco Vello, con CIF 36645885, para a Festa da Reconquista:</b></p> <p><b>Nominativa, con convenio</b> Directa, con convenio Directa, sin convenio Concorrenza competitiva</p>	<p><b>SI</b> S/N S/N SI</p>
	<p><b>3. Subvención á Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio, con CIF G 42789131:</b></p> <p><b>Nominativa, con convenio</b> Directa, con convenio Directa, sin convenio Concorrenza competitiva</p>	<p><b>SI</b> S/N S/N SI</p>
	<p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico, con CIF G27807205, para o fomento da Feira de Abril:</b></p> <p><b>Nominativa, con convenio</b> Directa, con convenio Directa, sin convenio Concorrenza competitiva</p>	<p><b>SI</b> S/N S/N SI</p>
9º.- Beneficiarios:	<p>Colectivos afectados:</p> <p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <p>- Asociacións de comerciantes locais.</p> <p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p>	







CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

	<p>- Asociación veciñal e cultural do Casco Vello.</p> <p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio:</b></p> <p>-Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio.</p> <p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril:</b></p> <p>- Asociación de comerciantes Zona Náutico.</p>			
<p>10º.- Prevese nas Bases a efectiva consecución da igualdade</p>	<p><b>1. Subvencións asociacións de comerciantes locais:</b></p> <p>Si: <b>X</b>                  Linguaxe non discriminatorio: <b>X</b>                  Exclusión de proxectos que segreguen:<b>X</b>                  Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade:<b>X</b>                  Outros:</p> <p><b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b></p> <p>Si: <b>X</b>                  Linguaxe non discriminatorio: <b>X</b>                  Exclusión de proxectos que segreguen:<b>X</b>                  Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade:<b>X</b>                  Outros:</p> <p><b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio:</b></p> <p>Si: <b>X</b>                  Linguaxe non discriminatorio: <b>X</b>                  Exclusión de proxectos que segreguen:<b>X</b>                  Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade:<b>X</b>                  Outros:</p> <p><b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril:</b></p> <p>Si: <b>X</b>                  Linguaxe non discriminatorio: <b>X</b>                  Exclusión de proxectos que segreguen:<b>X</b>                  Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade:<b>X</b>                  Outros:</p>			
<p>11º.- Aplicación/s orzamentaria/s:</p>	<p>Concurrencia</p>	<p>Aplicación: 4310 4700000</p>	<p>Importe: <b>150.000 €</b></p>	<p>Ano: 2022-2024</p>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:27	Páxina 9 de 10
76-142	CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

Expediente nº: 76/142

<b>2. Subvención Festa da Reconquista:</b>			
Nominativa, con convenio	Aplicación: 3380 4800001	Importe: <b>330.000 €</b>	Ano: 2022-2024
<b>3. Subvención Federación de Comercio e Hostalería de Vigo, Vigocomercio:</b>			
Nominativa, con convenio	Aplicación: 4310 4700000	Importe: <b>450.000 €</b>	Ano: 2022-2024
<b>4. Subvención á Asociación de comerciantes Zona Náutico para o fomento da Feira de Abril:</b>			
Nominativa, con convenio	Aplicación: 4310 4700000	Importe: <b>90.000 €</b>	Ano: 2022-2024

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/11/2022 10:27

Páxina 10 de 10

76-142

CSV: A7A3BA-5DB232-58AA5B-PTE39B-3BAQLA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>